

CRÓNICA DENDE PURGATORIO

A tecnoloxía militar cebouse en Dubrovnik, patrimonio da Humanidade como Compostela.

XAVIER ALCALÁ

Meses atrás, comodamente reclinados en cadeiras e poltronas, contemplamos no televisor como Dubrovnik, cidade lonxincua en paraíso raro (que lindas memorias quizais para algúns), era sistematicamente bombardeada nunca guerra que nos custaba, nos custa, e aínda nos ha de custar, entender

Os que nunca alá foramos, víamos unha rápida confusión de outeiros pelados, casco antigo e construcións novas sometidos á eficacia da tecnoloxía de destruír. Non nos chegou de preto a vista da destrución mais soubemos que o destruído era –como Compostela- Patrimonio da Humanidade por declaración da UNESCO.

Fixémonos cruces, botamos catro arredemos, comentamos que os serbios debían ser uns bestas de moito mimo, e niso ficou todo. Porque a España dos fastos, despois a España das lamentacións polo esaxero dos fastos e finalmente a Galicia do Xacobeo, non nos deixaban preocupar por algo que tan lonxe queda.

Sangue e fogo

Pero Dubrovnik volveu cobrar importancia entre algúns dos espectadores da barbaridade que pouco asusta nesta pel de touro sometida ao mal fado das invasión sa sangue e fogo. Comunicáronnos que alí ía haber un congreso do Pen Club e plantexámonos a obriga moral de asistirnos malia as dificultades da empresa.

Porque abonda con revisar o mapa europeo (o último, que non derradeiro nin definitivo) para decatarse que Dubrvnik está ao final dese arco a xeito de boomerang a que quedou reducida Croacia.

Dubrovnik case toca Montenegro, provincia vasala da Serbia, e fai fronteira coa Bosnia-Herzegovina pola que campan triunfantes o exército ex-iugolavo, as milicias introladas e máis canto nin se dá imaxinado.

Con todo, debiamos ir. Cumpría darmos mostra de coraxe. Hai unha vella tradición de se xuntaren os escritores nas terras mártires para daren testemuño de solidariedade con quen sofre.

E alá fomos. En Venecia leváronnos a bordo do “Liburnia”, barco de pasaxeiros que xa coñeceu tempos mellores, agora enferruxado e repintado ás présas para a ocasión. O barco levantaba a primeira sospeita do que iamos atopar: un mundo turístico que se veu abaixo coa guerra, arrastrando na súa caída a economía daquela Iugoslavia que preocupaba no Levante español polos bos precios e o sol sempre asegurado.

Venecia ficou á popa cos seus cheirumes, os seus turistas en góndola, a organización e o luxo dunha fin do occidente que mira con receos para o leste e dá porto nas súas canais a lanzafoguetes, portahelicópteros e transportes de tropas da OTAN en espera de ordes de quen goberna o mundo.

No “Liburnia”, as nacións do mundo mostrábanse nunha Babel de escritores, que pouco a pouco se ían acomodando en inglés para mostraren vaidades, sinceridades e o compromiso coa súa embaixada de apoio ao pobo croata. Sobre un mar calmo e refulxente, fomos vendo as costas secas da Dalmacia, un espazo mediterráneo poboado por eslavos onde se xuntaron e se enfrontaron o cristianismo e o Islam. Os poderes de Venecia, Austria e Turquía.

Alí mesmo, seguindo a liña de illas inacabables, de rocha clara e mata baixa, de viliñas illadas baixo o sol, sorbemos que os iugoslavos, os eslavos do sur, son parentes próximos separados de abondo polas circunstancias como para se facer absurda a idea do paneslavismo.

Deixando aparte ós eslovenos (frnteirizos con Italia, inmediatos á Austria), seica croatas, bosnias e serbios son un todo dividido por matices. Sobre elas non cabe alar de raza nin lingua mais si de etnia e relixión. Divídense pola adscripción ao catolicismo, á ortodoxia ou ao islamismo; poden usar falas mutuamente intelixibles, aínda que as separen polo alfabeto, romano ou cirílico.

Consecuencias da guerra

No periplo literario pasamos por Hvar, que se librou da guerra directa, pero non das súas consecuencias. A poboación languidece, toda chea de sol, á espera do turista que non virá. Pedras claras, lixeza e orde, monumentalidade, hoteis que lembran compas das cortes que por aquí se pasearon, impresionan á vista do escritor. Os ánimos quéntanse, as sesións do congreso toman corpo na ausencia dos coelgas serbios.

álase da responsabilidade de quen coa súa arte, co seu estilo, coa palabra mellor, incita a outros á guerra, ao exterminio, á “limpeza” de quen mantén a tradición que pode parecer traizón. Non é admisible que un escritor sequera xustifique a violación e a morte de mulleres e homes por seguiren o Corán imposto aos seus antepasados.

Dubrovnik aparece ao lonxe coma unha cidade sólida de pedra pálida, afortalada, desafiante. Sobre ela, nun cumo calvo, algo coma outra fortaleza menor e un mastro de teledifusión; e nos lados, fóra de murallas, a poboación nova que trepa polo monte.

Buracos nos edificios

A estrada que leva ao hotel ten buracos que semellan de capricho, con forma de estrela. As paredes dos edificios mostran tamén buracos de tal guisa. Nas fiestras, aquí e alá, o plástico substituíu ó vidro. Os coches curaron as súas feridas de bala e metralla con anacos de fita de empacotar.

Un hotel está tan desfeito que xa non volveu abrir. O noso ten vidros rotos, con furados que non deixan dúbida; e mamparos dignos con que cortarlle o paso ao vento. Abríuse para os congresistas. Leva tres anos sen traballar.

Dubrovnik impresiona polo poder que lembra, o da mariñeira cidade-república que mandaba cónsules polo mundo. Os seus veciños pasean pola rúa principal, que engana, co chan de pedra brillante apenas tocada polas bombas. As casas parecen en bo estado; porque lles quedou a fachada enteira. Foron perfectamente bombardeadas, desde arriba; rebentáronas por dentro. Un escritor inglés, vello loitador na guerra de España e na que seguiu por Europa, di que isto non é nada; e outro, croata, retruca; apedra forte aguantou; pero habería que ver o que quedou das vilas próximas.

A desfeita dos monumentos non se pode apreciar á primeira vista. Nuns porque a madeira os cubre, noutros porque o medo á volta dos serbios levou a protexelos con sacos terreiros.

E os serbios poden voltar. Sempre que necesiten negociacións, han pór a máquina de guerra en marcha.

Un pregúntase o porque desta guerra rexional, intestina, que lembra a pelexa duns cativos na rúa aos que ninguén separase; o seu porque e o canto vai durar.

Os privilexios dos serbios

Respóndenlos que os serbios se manteñan na unidade iugoslava asoballando ós outros pobos, e non están dispostos a perder os seus privilexios. En Belgrado acababa o circuito dos diñeiros

gañados por todas as nacións da república rota; a inmensa maioría dos membros do exército iugoslavo eran serbios.

Serbia ten cartos, municións e repostos para anos mentres os outros países novos sofren o embargo de armas. A súa razón de ser sestá na forza e non vai renunciar a exercela. A visión serbia do seu entorno é feudal. E conta con axuda rusa.

Nas tendas hai o que hai, aínda ue se mostre todo canta haxa para aparentar que abunda. Non queda crema para o sol, que doura as faces lindas dun pobo recastado, de eslavo e mediterráneo; e que abrasa o rostro do visitante do norte. É os chapeos reúnense todos nun negocio que hai moito non vende.

O seu dono coñece Galicia porque foi mariño. Xórdelle a auga aos ollos cando identifica a procedencia do congresista. Fala de Corcubión, de Vigo, da Coruña. Saudades e amizades échenlle a lembranza de súpeto. E pide axuda, contundentemente: "Please send us weapons". Que lle mandemos armas para loitar. As vidas xa as poñen eles.

Remata o congreso do Pen. Quedan alá os muros de Dubrovnik e a angustia dos seus veciños indemnes, entregados ao Deus (¿?) Inesquecible, a biblioteca do mosteiro franciscano: baldeira, o teito rachado, a causa dunha bomba voadora. A peregrinaxe vai acabar noutro convento, en Hvar, lonxe da costa mártir. O presidente da Croacia é membro do Pen. Dános parola de escritor, primeiro, mais logo é provocado a unha explicación política da barafunda feroz, discurso que malamente oculta impotencia. Cara a Venencia de novo, non podemos esquecer as roupas de soldados no tendal de cada casa, as caras lindas destes eslavos sazonados co sal e o sol do Adriático, a grandeza da súa convicción. Entre nós estiver ao embaixador de Croacia en Bosnia, un venezolano rico que alá deixou todo para virse loitar con oitenta voluntarios. Tras case 50 anos de vivir alá, coñece ben ós españois; e aclara as diferencias cos iugoslavos: "Vostedes pertencen a unha soa civilización; nós, a tres diferentes"